

## COMPLEXO "O CORGO" - MUIÑOS (OURENSE)

### INFORMACIÓN XERAL:

#### **DATOS XERAIS:**

- Complexo turístico de O Corgo está situado en Mugueimes, Concello de Muíños (Ourense).
- Campamento de 8 días para un grupo de 50 rapaces.  
**Este complexo está equipado cun comedor central, instalacións deportivas, zonas cubertas con pérgolas, para chuvia e sol. Ten praias fluviais con zonas verdes; duchas, campo de deportes con herba artificial; polideportivo cuberto, incluso con alumeado; vestiarios e canchas deportivas; zonas de camiños e sendeiros e aparatos biosaudables. Dispón de zonas de lecer, de salas de ocio e obradoiros temáticos así como zonas de audiovisual. Hai vixiantes nas zonas de baños. Para a práctica deportiva, conta con barcos e piraguas.**

#### **SITUACIÓN / ACCESOS:**

- A Coruña-Santiago-Ourense, na Merca saída da autovía Celanova-Bande-Muíños.
- Vigo-Ourense, na Merca saída da autovía a Celanova-Bande-Ourense.  
A52-Xinzo a Bande, cruce en Puente Linares con Muíños-Calvos, vía Muíños

#### **ENDEREZO:**

- Complexo turístico-deportivo O Corgo. Praza de San Rosendo, 1  
32880 Mugueimes (Ourense)

### QUENDAS, IDADES E ACTIVIDADES:

QUENDA	IDADES	DESCRIBIÓN DAS ACTIVIDADES
<b>02 a 09 de agosto</b>	<b>13 – 15</b> (Anos de nacemento 03-05-05)	<p><b>OBXECTIVOS:</b> Coñecer os recursos da provincia de Ourense. Achegarse ao entorno máis natural e salvaxe de Galicia vivenciándoo plenamente dende varias perspectivas. Descubrir e empatizar coa natureza como método de sensibilización social. Dignificar e valorar as costumes e os traballos da poboación local. Espertar emocións e sentimentos partindo dunha experiencia vivencial. Potenciar as relacións interpersoais, habilidades sociais e a cooperación, para actuar en defensa do medio e estimular o sentido da responsabilidade e a creatividade</p> <p><b>QUENDA: VEN A EXPLORAR CON NÓS</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>ACTIVIDADES NA NATUREZA:</b> Supervivencia na natureza e o camiño das aguias reais no Parque do Xurés. Kaiak e vela no encoro das Conchas.</li> <li>• <b>ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN AMBIENTAL:</b> Cadernos de campo, itinerarios de identificación de elementos naturais, xogos natureza, reutilización de materiais, construción de fornos solares, experiencias coas enerxías alternativas.</li> <li>• <b>ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN E CONVIVENCIA:</b> Asembleas, vivaque, descubertas, traballo en equipo, xogos de resolución de conflitos, dinámicas de expresión (teatro, disfraces, cine, etc.), xogos tradicionais e populares de Galicia.</li> </ul>

### NORMAS XERAIS:

1. Os participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades propias deste campamento.



2. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
3. Cóntase con atención sanitaria. Os participantes deberán levar ao Campamento, as **tarxetas sanitarias orixinais**, especialmente as de MUFACE e o talonario de receitas. Calquera incidencia de consideración será comunicada ao teléfono familiar do acampado/a.
4. Para poder falar cos participantes, o horario será o establecido polo equipo directivo, do que se dará información na reunión de recepción. Os participantes poderán facelo antes e despois de cada comida. Disporase dun teléfono de tarxeta e moedas.
5. **Ningún participante** poderá abandona-lo recinto do Campamento sen autorización expresa do Director da Actividade, e sempre acompañado dos seus pais, ou persoa adulta autorizada (**fotocopia do DNI dos pais e autorización escrita e fotocopia do DNI da persoa autorizada de ser o caso**), debendo cubri-lo impreso axeitado que lles será facilitado polos monitores. Prégase non facer visitas de non ser necesario, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
6. Os medicamentos que estean a tomar os participantes, así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese a ter en conta nestes días, débese comunicar ao persoal técnico da actividade.
7. Recoméndase que os rapaces/as, leven a súa roupa marcada coas súas iniciais.
8. Os directores da actividade teñen prevista a organización dun “banco” de cartos e outro de móbiles.

Asemade, e tal e como xa se indicaba na Orde de convocatoria:

- A incorporación realizarase o día de inicio da quenda entre as **15:00 e as 17:00** horas no Campamento.
- O día de remate da quenda a saída dos participantes realizarase entre as **10:00 e as 12:00** horas na mesma instalación.

#### **Dadas as circunstancias das actividades a realizar aconséllase levar:**

- Útiles de aseo persoal e crema protectora solar.
- Toalla de aseo e toalla de piscina.
- Gorro de piscina.
- Bañadores e sandalias de goma con velcro.
- Sombreiro ou viseira.
- Roupa interior.
- Pixamas.
- Camisetas e pantalóns de deporte.
- Pantalóns curtos ou bermudas.
- Calzado deportivo que sirva en caso de choiva.
- Chuvasqueiro.
- Vestimenta deportiva e de abrigo: chándal, cazadora ou forro polar, sudadeiras, pantalóns longos, etc.
- Bolsa para roupa sucia.
- Cantimplora.
- Mochila pequena para saídas.
- **Saco de durmir.**
- Medicamentos en caso de tratamento específico (deberán ser entregados á persoa responsable).
- Tarxeta sanitaria orixinal.

#### **O horario tipo básico da quenda será o seguinte:**

08,30.- Erguerse e aseo persoal	09,00.- Almorzo
09,30.- Amaño das habitacións	10,00.- Actividades
14,00.- Xantar	14,45.- Tempo de teléfono
16,00.- Actividades	21,00.- Cea
22,00.- Actividades	23,30.- Deitar e silencio

O horario para recibir chamadas dos pais e nais así coma o número de teléfono ao que poderán chamar será indicado polo/a director/a do campamento o primeiro día.

Esperamos que sexa do voso agrado o noso programa de actividades.